

**ACORDOS**  
**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**DO DIA 10 DE SETEMBRO DE 2015**

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 13.00 horas, do día dez de setembro de dous mil quince, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

**ASISTENTES:**

***Alcalde:***

D. Antonio Pereiro Liñares

***Concelleiros:***

D<sup>a</sup> Inés Santos Pereiro

D. José Manuel Cancela Cancela

***Non asiste:***

D. Amadeo Cancela Fariña

***Secretario acctal:***

D. Alfonso García Ferreira

**ORDE DO DIA**

1. LECTURA E APROBACION DA ACTA ANTERIOR.-
2. PROGRAMA DE ALIMENTOS 2015. PROPOSTA DE BAIXA.-
3. CERTIFICACIÓNS DE OBRAS EXECUTADAS.-
4. FACTURAS.-
5. COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS.-
6. SOLICITUDE FORMULADA POR MARIA DEL C.L.L. PARA SEGREGACIÓN DE FINCA DO PLANO DE CATASTRO DO CONCELLO DE TORDOIA.-
7. APERTURA PLICAS PARA LICITACIÓN OBRA SOBREANCHOS CAMIÑO BALSA – ABOI E OUTROS.-
8. INFORME DO DIRECTOR DA OBRA CAMIÑO MORDON-NOGUEIRA E OUTROS.-
9. ROGOS E PREGUNTAS.-

**1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.-**

Acordos adoptados:

1. Aprobación do acta da sesión anterior.

**2. PROGRAMA DE ALIMENTOS 2015. PROPOSTA DE BAIXA.-**

Acordos adoptados:

1. Prestarlle a súa aprobación á solicitude de baixa de XXXXXXXXXXXXXXXX.

**3. CERTIFICACIÓNS DE OBRAS EXECUTADAS.-**

Acordos adoptados:

1. Informar favorablemente nos propios termos da súa redacción, a certificación nº 1 da obra "Camiño en Pereiro Vello (Tordoia) e outros", por importe de 20.667,45.-€, emitida polo técnico director don J. C. R. M., durante o período 03/08/2015 a 2/08/2015, sendo adxudicataria Obras y Viales de Galicia.

2. Informar favorablemente, no propios termos da súa redacción, a certificación única da obra "Adecuación do entorno do Punto de Atención á Infancia" por importe de 50.000.- euros, emitida polo técnico director don J. C. R. M e a adxudicaria Obras y Viales de Galicia, S.L.

#### **4. FACTURAS.-**

<b>NOMBRE TERCERO</b>	<b>LÍQUIDO</b>	<b>FACTURA</b>
ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S.A.	20.277,59 €	F/2015/1210
SOCIEDADE GALEGA MEDIO AMBIENTE S.A.	5.823,16 €	F/2015/1211
OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L.	20.667,45 €	F/2015/1212
OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L.	50.000,00 €	F/2015/1251
INSTALACIONES LAMASORGUEIRA S.L.	2.691,04 €	F/2015/1252
<b>TOTAL</b>	<b>99.459,24 €</b>	

#### **5. COMUNICACIÓN PREVIAS DE OBRAS.-**

Acordos adoptados:

Aprobar os seguintes expedientes de comunicación previas de obras, os cales contan cos informes técnicos favorables e liquidacións provisionais dos impostos e taxas municipais:

- a) De M.G.M., para cambio de cuberta con acabado en tella do país, cambio de ventás, porta e revestimento e pintura exterior da vivencia sita en Cerdeiras - Bardaos.
- b) De J.B.L., para cambio de cuberta en vivencia en Castro - Bardaos.

#### **6. SOLICITUDE FORMULADA POR MARIA DEL C.L.L. PARA SEGREGACIÓN DE FINCA DO PLANO DE CATASTRO DO CONCELLO DE TORDOIA.-**

Acordos adoptados:

1. Autorizar o acto de segregación e división de parcelas, segundo a proposta formulada polo solicitante e que se recollen no informe elaborado polo perito agrícola don M.V.V. de Marzo de 2015 e informe emitido pola asesoría xurídica da Deputación Provincial de A Coruña con data 18 de marzo de 2014, facendo constar expresamente ao Rexistro da Propiedade e en todos os actos de transmisión da propiedade a inedificabilidade dos terreos resultantes desta división.

2. Aprobar a liquidación das taxas segundo a ordenanza reguladora vixente.

#### **7. APERTURA PLICAS PARA LICITACIÓN OBRA SOBREANCHOS CAMIÑO BALSA – ABOI E OUTROS.-**

Acordos adoptados:

1. Remitir a documentación a Estudio Técnico Gallego, S.A., encargada dos servizos técnicos municipais, para que emita informe de valoración de ofertas conforme aos criterios de adjudicación segundo figuran no pregos de cláusulas administrativas.

2. Emitido o citado informe dese canta a esta Xunta de Goberno para realizar a clasificación de adjudicación segundo a puntuación obtida.

#### **8. INFORME DO DIRECTOR DA OBRACAMIÑO MORDON-NOGUEIRA E OUTROS.-**

A Xunta de goberno dáse por enterada

#### **9. ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formulan

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia levántase a sesión.